

SANTÍN ARROUPA EN TABOADA A MARÍA AMO, “A MELLOR CANDIDATA PARA FACER POSIBLE O CAMBIO QUE TANTO NECESITA O MUNICIPIO”

Segundo afirmou o secretario Provincial, “é un orgullo para nós contar con María como candidata, e máis se temos en conta que é a primeira muller que aspira á alcaldía na historia do Concello e será tamén a súa primeira alcaldesa”

Amo indicou que pretende gobernar “un concello transparente e aberto á cidadanía, no que os veciños e veciñas poidan participar. Quero xestionar o concello de Taboada dun xeito eficiente, poñendo ás persoas maiores por diante e que conseguindo traer de volta á xuventude que tivo que marchar por falta de oportunidades”

A vicepresidenta segunda da Deputación subliñou a necesidade de acabar en Taboada “con décadas de parálise provocada polo Partido Popular. Os socialistas temos as ganas, a forza, as ideas e os proxectos para reactivar este concello”

Taboada, 13 de maio de 2015.- O secretario Provincial e de Economía –Juan Carlos González Santín e Pilar García Porto-, e a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez- arrouparon este mércores á candidatura coa que o Partido Socialista concorre ás eleccións do 24M e Taboada, e que lidera María Amo. “Esta é a mellor candidata posible para conseguir arrebatara a alcaldía ao PP e facer posible o cambio que tanto necesita o municipio”, destacou González Santín.

E é que, segundo afirmou o secretario Provincial, “é un orgullo para nós contar con María como candidata, e máis, se temos en conta que é a primeira muller que aspira á alcaldía na historia do Concello e será a súa primeira alcaldesa”. “O proxecto de Amo é a única alternativa viable de futuro para os veciños e veciñas de Taboada. Levan xa meses traballando para crear un proxecto que dea resposta ás necesidades reais dos seus conveciños e conveciñas e mellorar así a súa calidade de vida”, aseverou Santín .

Cos maiores e a mocidade por diante

A candidata explicou que “Taboada é un tesouro que nestes momentos ten moitas necesidades, deficiencias e limitacións ás que queremos dar resposta”. Ademais, Amo indicou que pretende gobernar “un concello transparente e aberto á cidadanía, no que os veciños e veciñas poidan participar. Quero xestionar o concello de Taboada dun xeito eficiente, poñendo ás persoas maiores por diante e que conseguindo traer de volta á xuventude que tivo que marchar por falta de oportunidades”.

Neste senso, a candidata explicou que “a primeira e máis importante inquedaanza á que queremos dar resposta é o emprego, a través de distintos ámbitos de



actuación, como obradoiros de emprego, instaurando novos servizos e xestionando correctamente os recursos propios”.

Acabar coa parálise do PP

Pola súa banda, a vicepresidenta segunda da Deputación subliñou a necesidade de acabar en Taboada “con décadas de parálise provocada polo Partido Popular. Os socialistas temos as ganas, a forza, as ideas e os proxectos para reactivar este concello”. “A xente reconece ao PSdeG como o proxecto de futuro que necesitan. Saben que non é o mesmo quen fai, que quen desfai... quen vive anclado no pasado, que quen mira ao futuro con ilusión como mira María a Taboada”, asegurou Lara Méndez.

“O Partido Popular ten medo á xente, a falar cos veciños, téñenlle medo ás urnas porque a eles a democracia veulles imposta e porque lle fixeron moito dano á xente, aos pensionistas, aos mozos, aos traballadores, aos enfermos... Fronte a este medo do PP, está a ilusión dos socialistas porque as urnas falen claro o 24 de maio, porque os veciños de Taboada e da provincia de Lugo digan, ata aquí, xa non quero máis do mesmo”, asegurou a vicepresidenta. “O día 24 vai ser unha vitoria da xente, de todos os veciños a provincia, a vitoria dun novo ciclo que poña rumbo ao futuro a todo o país”, recalcou.

Unha lista para unha nova etapa

“Todos os membros da lista do PSOE afrontamos con ilusión o reto de dar comezo a unha nova etapa para Taboada”, explicou a alcaldable, e engadiu “é unha candidatura integrada por xente moi preparada, por homes e mulleres que mesturan a forza da xuventude coa experiencia dos maiores e que saberán dar resposta aos problemas que neste momento presenta o noso concello”. Trátase dunha candidatura na que se ven reflectidos os diferentes sectores que conforman a poboación taboadesa: persoas do mundo da cultura, mestres, veterinarios, gandeiros e gandeiras, traballadores da banca..., e que está conformada polos seguintes integrantes:

1. María Amo Díaz
2. Roi Rigueira Agromartín
3. Pamela López Fernández
4. Francisco Bargados Núñez
5. María Liliana Carolo Fonte
6. María Luz Fontao Yebra
7. Manuel Mariño Rodríguez
8. Marite Aurora Fernández Cambeiro
9. Pablo Gómez Gómez
10. Jesús Batán Miguélez
11. José Daniel Rigueira Ferreiro

Suplentes:

1. José Manuel Pacín Vázquez



governar
PARA A MAIORÍA

PSG^{DE}
PSOE

2. María Belén Blanco Ferreiro
3. Víctor Sánchez Fente

